
GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



A auga é un intre que aprendeu a quedar

Intervención artística
de **Diego Lara**

Lagoa do Xardín Literario
26 Nov 2026—2 Mai 2027

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

Sabadell Fundación

A auga é un intre que aprendeu a quedar

INTERVENCIÓN ARTÍSTICA DE **DIEGO LARA**

GAL





O Xardín Literario do Gaiás, na Cidade da Cultura, preséntase como o lugar onde a beleza atopa o seu sentido. A auga, que agroma entre as físgoas da pedra e do terreo, transforma o espazo nun territorio sensible que convida a deterse, contemplar e escoitar o ruxir da vida que emerxe.

A intervención artística *A auga é un intre que aprendeu a quedar* concíbese como unha reverencia cara ao sagrado da natureza. Unha escultura flotante que, no seu movemento cíclico, dialoga coa auga, camuflándose na contorna e evocando o misterio do que somos, de onde vimos e cara a onde volvemos. Propón un percorrido cara a esa experiencia vital: un fluír que evoca a fonte, o ser e un sopro vital que se manifesta no movemento da auga e na circularidade do devir. Un continuo sen principio nin fin que convida a pensar máis alá do tempo, nun eterno retorno ao esencial.

A produción emprega técnicas tradicionais de carpintaría náutica e madeira de castiñeiro autóctona, establecendo un vencello coa arquitectura popular e coa construción naval galega. A recuperación destes coñecementos artesanais formula unha relación directa cos materiais, o territorio e o tempo. A construción enténdese así como un proceso relacional, onde a práctica artística se desenvolve en diálogo coa tradición, o facer compartido e os ciclos naturais.

Nunha co-creación coa auga, a escultura revélase como un espello onde mirarnos no transcorrer do tempo. Reflicte a fugacidade e tamén a permanencia: a auga como o instante que aprendeu a quedar.

ARTISTA: DIEGO LARA

CONCEPTUALIZACIÓN ESTRUTURAL E ADAPTACIÓN AO TERREO: JAIME PAREJA ARQUITECTURA

PLANIFICACIÓN ESTRUTURAL E PRODUCIÓN: CASABIO TIMBER FRAME



Diego Lara

Cunha práctica artística situada entre o escultórico, o procesual e o natural, Diego Lara (Madrid, 1993) investiga os límites do debuxo expandido, as técnicas tradicionais e a materia mediante procesos vencellados ao territorio e á memoria ecolóxica, establecendo diálogos cos contextos nos que traballa. A través de materiais orgánicos, a escultura, a instalación e o traballo de campo, explora formas de coexistencia entre o humano e o non humano.

A súa traxectoria foi recoñecida con premios e bolsas como a residencia de Acción Cultural Española (AC/E) e Domaine de Boisbuchet (Francia, 2025), o Concurso de Intervencións Artísticas do EAN (Santiago de Compostela, 2025), ou a XXXVII Edición Circuitos de Artes Plásticas (Madrid, 2026), entre outros.

Realizou exposicións individuais como *Lo que sostiene*, Espacio Abierto (Valladolid, 2026); *Los cuadrados sueñan con convertirse en círculos*, Espacio Araña (Madrid, 2023); ou *Una rama tembló*, Espacio Local (Gijón, 2022). A súa obra tamén formou parte de exposicións colectivas en galerías, feiras e festivais en España e Francia.

El agua es un instante que aprendió a quedarse

INTERVENCIÓN ARTÍSTICA DE **DIEGO LARA**

CAST





El Jardín Literario del Gaiás, en la Cidade da Cultura, se presenta como el lugar donde la belleza encuentra su sentido. El agua, que brota entre los resquicios pedregosos del terreno, transforma el espacio en un territorio sensible que invita a detenerse, contemplar y escuchar el rumor de la vida que emerge.

La intervención artística *El agua es un instante que aprendió a quedarse* se concibe como una reverencia hacia lo sagrado de la naturaleza. En su movimiento cíclico, la escultura flotante dialoga con el agua, mimetizándose con el entorno y evocando el misterio de lo que somos, de dónde venimos y hacia dónde volvemos. Propone un recorrido hacia esa experiencia vital: un fluir que evoca la fuente, el ser y un soplo vital que se manifiesta en el movimiento del agua y en la circularidad del devenir. Un continuo sin principio ni fin que invita a pensar más allá del tiempo, en un eterno retorno a lo esencial.

La producción emplea técnicas tradicionales de carpintería náutica y madera de castaño autóctona, estableciendo un vínculo con la arquitectura popular y la construcción naval gallega. La recuperación de estos conocimientos artesanales plantea una relación directa con los materiales, el territorio y el tiempo. La construcción se entiende así como un proceso relacional, donde la práctica artística se desarrolla en diálogo con la tradición, el hacer compartido y los ciclos naturales.

En una co-creación con el agua, la escultura se revela como un espejo donde mirarnos en el transcurrir del tiempo. Refleja la fugacidad y, al mismo tiempo, la permanencia: el agua como instante que aprendió a quedarse.

ARTISTA: DIEGO LARA

CONCEPTUALIZACIÓN ESTRUCTURAL Y ADAPTACIÓN AL TERRENO: JAIME PAREJA ARQUITECTURA

PLANIFICACIÓN ESTRUCTURAL Y PRODUCCIÓN: CASABIO TIMBER FRAME



Diego Lara

Con una práctica artística situada entre lo escultórico, lo procesual y lo natural, Diego Lara (Madrid, 1993) investiga los límites del dibujo expandido, las técnicas tradicionales y la materia mediante procesos vinculados al territorio y la memoria ecológica, estableciendo diálogos con los contextos en los que trabaja. A través de materiales orgánicos, la escultura, la instalación y el trabajo de campo, explora formas de coexistencia entre lo humano y lo no humano.

Su trayectoria ha sido reconocida con premios y becas como la residencia de Acción Cultural Española (AC/E) y Domaine de Boisbuchet (Francia, 2025), el Concurso de Intervenciones Artísticas del EAN (Santiago de Compostela, 2025), o las Ayudas XXXVII Edición Circuitos de Artes Plásticas (Madrid, 2026), entre otros.

Ha realizado exposiciones individuales como *Lo que sostiene*, Espacio Abierto (Valladolid, 2026); *Los cuadrados sueñan con convertirse en círculos*, Espacio Araña (Madrid, 2023); o *Una rama tembló*, Espacio Local (Gijón, 2022). Su obra también ha formado parte de exposiciones colectivas en galerías, ferias y festivales en España y Francia.

A auga é un intre que aprendeu a quedar

Intervención artística
de **Diego Lara**

PROXECTO GAÑADOR DA CONVOCATORIA
DE INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS DO #EAN15

Lagoa do Xardín Literario
26 Nov 2026—2 Mai 2027

cidadedacultura.gal

XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2027
Sabadell Fundación